

Carta 6. (paz)

Xaneiro

A serpe de 3 cabezas.

O Dragón de neve voaba en círculos protexendo o castelo do gobernador e toda a cidade amurallada.

O feirón estaba baleiro, só algún gato medio tolo camiñaba polas rúas empedradas...

Conta o Gran Libro da Illa

que no xaneiro deste novo ano (2022), unha serpe de tres cabezas arrasaría Cabeza de Dragón botando lume polas súas bocas.

O consello de anciáns,sabias, heroes e heroínas da Illa,escoitaron con atención as verbas da Gran Xefa India Tatanka ská, experta en serpes e lume.

Tatanka ská falou:

1.Estamos no mes da PAZ,

e a paz se consegue estando unidos.

2.Nada lles gusta máis ás serpes de tres cabezas que un bo caldo de grelos e patacas.

Sempre están a pensar en comer ...

Así que prepararemos un banquete para ela,cun menú moi especial...un menú pacifista que a calme, e a transforme nunha serpe boa e tranquila.

3. Menú pacifista:

De primerio :

-Caldo de tenrura

ou Empanada de emocións

De segundo:

-Lacón asado con patacas de amizade

ou xurelos en escabeche de igualdade.

E de postre:

-Chocolate con churros solidarios

ou Bica do arco da vella con xeados de respecto.

Paca do Castro, a pataqueira encárgase do caldo e do lacón,Pepa da Leira " a panadeira " da empanada e da bica.

Choncha dos Monchos, "a churreira", do chocolate e dos churros.

Os xurelos e o xeados son cousa de Xulio, que ademais de Xastre, é un cociñeiro famoso na Illa.

Elas e mais el, cociñarán e Tatanka ská a maxia engadirá...

Tres pratos, un para cada cabeza da serpe,cando todo esté no interior dela, a paz triunfará e o seu alento en lugar de lume, será de amor.

E así aconteceu....